



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE MARZO DO 2023.**

**Sesión 04/2023-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (non adscrita) D. José Luis Tellado Villares (non adscrito) (auséntase ás 21.32 horas, antes de tratar o punto 12º) D. José Luis García Pazos (non adscrito) D. Sergio García López (PP) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE, con escusa) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> Sara Arrojo Dueñas (BNG) D. Breogán Blanco González (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>NON ASISTE</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María José García Freire (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Pesas Beneyto</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de marzo do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de marzo do 2023 do Concello de Sada, quen desculpa a ausencia da concelleira María José García Freire por motivos familiares.

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 02 e 03/2023).**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 02 e 03/2023, as dúas do 23 de febreiro, respectivamente ordinaria e extraordinaria por petición dun grupo de concelleiros; non habendo intervencións con respecto da primeira.



Con respecto da segunda o sr. Portela Fernández manifesta: “unha cuestión de orde, vostede na votación preguntou admitir o recurso cando é estimar o que ven ven na acta”.

A secretaria sinala que iso non ten relevancia.

E engade “é diferente admitir que estimar”.

Non sendo un erro o apuntado polo sr. Portela Fernández, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a transcripción das ditas actas ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## **2º.- DACIÓN DE CONTA DO PASE A NON ADSCRITO DUN CONCELLEIRO.**

Logo de se ter referido a presidenta a que o concelleiro D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) remitiu ao concello hoxe un escrito para os efectos, procédese á votación da urxencia de incluír este asunto na orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 2, BNG, 1 PP, 1 PSOE e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A presidenta dá lectura ao escrito do 30 de marzo do 2023 presentado polo referido concelleiro, polo que pon de manifesto a súa expulsión do partido socialista obrero español, pasando polo tanto á situación de non adscrito a grupo municipal ningún. Seguidamente, preguntado pola presidenta se acepta como así o fixeron ata o de agora todos os demais concelleiros non adscritos ser representado nas comisións informativas pola concelleira D<sup>a</sup> María José García Freire, este acepta de viva voz plenamente a dita representación.

Toma a palabra o sr. Portela Fernández (SM), por unha cuestión de orde, para referirse á expulsión do devandito partido tamén da sra. Pardo Fafián (PSOE), que considera plenamente executiva con independencia de que a poida ter recorrida e que polo tanto tamén debера tomar coñecemento o Pleno do seu pase a non adscrita.

Interveñen para a defensa dunha posición en contrario á exposta polo sr. Portela a presidenta, sra. Nogareda Marzoa, e a propia sra. Pardo.

## **3º.- PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE DO CONCELLO DE SADA (PMS).**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

*«Primeiro.- Aprobado inicialmente o Plan de mobilidade sostible (PMS) do Concello de Sada.*

*Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente o PMS se non se produciran».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia que en principio non apoiarán esta modificación; da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Fariña Andrade (SM), quen anuncia a abstención do seu grupo; e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (6 SM e 2 BNG).

Resultando aprobado por maioría simple dos asistentes o seguinte **ACORDO**:



Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan de mobilidade sostible (PMS) do Concello de Sada.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente o PMS se non se produciran.

#### **4º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 12/23. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 11/23: EXPEDIENTE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2023.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 12/23, transferencia de créditos 11/23, co seguinte detalle:

Estado de gastos. Aplicacións que ceden crédito:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.21000	Vías urbanas. Mantemento e conservación	26,510.52
171.21500	Parques e xardíns. Conservación mobiliario	10,000.00
171.22199	Parques e xardíns. Outras subministracións	10,000.00
1729.22104	Outras actuacións medio ambiente. Vestiario	4,000.00
1729.22706	Outras actuacións medio ambiente. Traballos técnicos	14,000.00
1729.22799	Outras actuacións medio ambiente. Outros traballos	18,426.62
2310.22609	Asistencia social primaria. Actividades culturais	8,500.00
2310.22799	Asistencia social primaria. Outros traballos	19,364.80
2410.22606	Emprego. Cursos	21,096.28
2411.21300	CFO. Estudos e traballos técnicos	11.00
453.21000	Camiños. Mantemento e conservación	36,531.41
Total		168,440.63

Estado de gastos. Aplicacións que incrementan crédito:

Aplicación	Denominación	Importe
3340.22609	Promoción da cultura. Actividades culturais	2,394.16
3340.48000	Promoción da cultura. Transferencias a familias e inst. sen ánimo de lucro	30,000.00
337.22100	Instalacións de ocio. Enerxía eléctrica	9,372.81
338.22626	Festas	44,020.07
342.13000	Instalacións deportivas. Retribucións básicas persoal laboral	20,000.00
342.16000	Instalacións deportivas. Seguridade social	7,000.00
342.22100	Instalacións deportivas. Enerxía eléctrica	11,384.64
342.22103	Instalacións deportivas. Combustibles	7,000.00
342.22700	Instalacións deportivas. Limpeza	4,000.00
9200.22604	Administración xeral. Xurídicos	24,000.00
9200.22700	Administración xeral. Limpeza	8,408.95
9201.62300	Brigada de obras e servizos. Maquinaria	860.00



<i>Total</i>		168,440.63

*Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 179 e 169 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

*Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García López (PP); da sra. Taibo Fernández (SM); da presidenta, sra. Nogareda Marzoa; novamente das sras. Rodríguez e Pardo e do sr. García; e do sr. Portela Fernández (SM), quen debate coa presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 12/23, transferencia de créditos 11/23, co seguinte detalle:

Estado de gastos. Aplicacións que ceden crédito:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.21000	Vías urbanas. Mantemento e conservación	26,510.52
171.21500	Parques e xardíns. Conservación mobiliario	10,000.00
171.22199	Parques e xardíns. Outras subministracións	10,000.00
1729.22104	Outras actuacións medio ambiente. Vestiario	4,000.00
1729.22706	Outras actuacións medio ambiente. Traballos técnicos	14,000.00
1729.22799	Outras actuacións medio ambiente. Outros traballos	18,426.62
2310.22609	Asistencia social primaria. Actividades culturais	8,500.00
2310.22799	Asistencia social primaria. Outros traballos	19,364.80
2410.22606	Emprego. Cursos	21,096.28
2411.21300	CFO. Estudos e traballos técnicos	11.00
453.21000	Camiños. Mantemento e conservación	36,531.41
<i>Total</i>		168,440.63

Estado de gastos. Aplicacións que incrementan crédito:

Aplicación	Denominación	Importe
3340.22609	Promoción da cultura. Actividades culturais	2,394.16



3340.48000	Promoción da cultura. Transferencias a familias e inst. sen ánimo de lucro	30,000.00
337.22100	Instalacións de ocio. Enerxía eléctrica	9,372.81
338.22626	Festas	44,020.07
342.13000	Instalacións deportivas. Retribucións básicas persoal laboral	20,000.00
342.16000	Instalacións deportivas. Seguridade social	7,000.00
342.22100	Instalacións deportivas. Enerxía eléctrica	11,384.64
342.22103	Instalacións deportivas. Combustibles	7,000.00
342.22700	Instalacións deportivas. Limpeza	4,000.00
9200.22604	Administración xeral. Xurídicos	24,000.00
9200.22700	Administración xeral. Limpeza	8,408.95
9201.62300	Brigada de obras e servizos. Maquinaria	860.00
Total		168,440.63

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 179 e 169 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

## 5º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 1/23: SUBVENCIÓN NOMINATIVA CULTURMAR PARA O EETG EN SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

«1.- A aprobación inicial do expediente para modificar as bases de execución do orzamento incluíndo subvención nominativa por importe de 30.000 € a favor da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial-Culturmar (G-36231561) para, de acordo co previsto no punto 29.3 das Bases para a presentación de proxectos para sede do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, financiar os gastos do encontro na sede de Sada.

2.- Dispor, en aplicación do artigo 169 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor. A executividade do presente acordo quedará condicionada á entrada en vigor da modificación de crédito 12/23 que financia a mesma».

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Moncada González (SM); do sr. Tellado Villares (na) e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).



A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar inicialmente o expediente para modificar as bases de execución do orzamento incluíndo subvención nominativa por importe de 30.000 € a favor da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial-Culturmar (G-36231561) para, de acordo co previsto no punto 29.3 das Bases para a presentación de proxectos para sede do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, financiar os gastos do encontro na sede de Sada.

2.- Dispor, en aplicación do artigo 169 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor. A executividade do presente acordo quedará condicionada á entrada en vigor da modificación de crédito 12/23 que financia a mesma.

## **6º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

*«Primeiro.- Establecer unha ordenanza fiscal específica reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral coa seguinte redacción:*

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

*Ao amparo do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá por medio de Ordenanza fiscal.*

### **Artigo 2º. Feito imponible**

*1. Constitúe o feito imponible da taxa o goce da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.*

*2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración débense utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.*

*3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.*

*4. O pago da taxa regulada nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.*





### **Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado. Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.
2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.
3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeneral de telecomunicacións.
4. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na Ordenanza fiscal correspondente.

### **Artigo 4º. Sucesores e responsables**

1. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

- a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.
- b) Cando legalmente limitouse a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas devindicadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.
3. As obrigacións tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en caso de disolución das mesmas, transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das devanditas entidades.
4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores daquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.
5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

- a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.
- b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.
- c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigacións tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio. Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

- a) os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizasen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias ata os límites seguintes:
  - Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.
  - En supostos de cesamento das actividades, polas obrigacións tributarias devindicadas, que se atopen pendentes na data de cesamento, sempre que non fixesen o necesario para o seu pago ou tomasen medidas causantes da falta de pago.
- b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non realizasen as xestións necesarias para o cumprimento das obrigacións tributarias devindicadas con anterioridade. 7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5º. Base imponible e cota tributaria**

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o desfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.
2. Cando para o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilízase redes alleas, a base imponible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba abonar ao titular da rede, polo uso da mesma.



3. Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

- a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos abonados efectuados no Municipio.
- b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo as ligazóns na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa.
- c) Alugueros, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.
- d) Alugueros que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.
- e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras

4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constituán un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:

- a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.
- b) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.
- c) Os ingresos financeiros, como intereses, dividendos e calquera outros de natureza análoga.
- d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
- e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.

6. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.

7. A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impoñible definida neste artigo.

#### **Artigo 6º. Período impositivo e pagamento da taxa**

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar o alta.
- b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obrigaçión de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

- a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.
- b) Cando o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas prólónganse durante varios exercicios, o pagamento da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

#### **Artigo 7º. Réxime de declaración e ingreso**

1. Establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obrigaçión de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base impoñible, segundo detalle do artigo 5.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturou cantidades en concepto de peaxe.





*A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 5.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio.*

*3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 5.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.*

*4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pago que se indiquen. Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos derívese unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte.*

*5. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.*

*6. A empresa “Telefónica de España, S.A.U.”, á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9 % dos seus ingresos brutos que satisfai a este Concello. As restantes empresas do “Grupo Telefónica”, están suxeitas ao pago da taxa regulada nesta ordenanza.*

#### **Artigo 8º. Infraccións e sancións**

*1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.*

*2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionarán de acordo con o que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de dereito Público municipais.*

*3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo Disposición adicional 1ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores 6 Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/o substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.*

**Segundo.-** *Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. Taibo Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Establecer unha ordenanza fiscal específica reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral coa seguinte redacción:

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL**

#### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

Ao amparo do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, régulase a taxa por utilización privativa ou



aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá por medio de Ordenanza fiscal.

### **Artigo 2º. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o goce da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.
2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración débense utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.
3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.
4. O pago da taxa regulada nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

### **Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado. Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.
2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.
3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeneral de telecomunicacións.
4. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na Ordenanza fiscal correspondente.

### **Artigo 4º. Sucesores e responsables**

1. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

- a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.
- b) Cando legalmente limitouse a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas devindicadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou



entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3. As obrigacións tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en caso de disolución das mesmas, transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das devanditas entidades.

4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores daquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.

b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.

c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigacións tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio. Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

a) os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizasen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias ata os límites seguintes:

- Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.

- En supostos de cesamento das actividades, polas obrigacións tributarias devindicadas, que se atopen pendentes na data de cesamento, sempre que non fixesen o necesario para o seu pago ou tomasen medidas causantes da falta de pago.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non realizasen as xestións necesarias para o cumprimento das obrigacións tributarias devindicadas con anterioridade. 7. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5º. Base imponible e cota tributaria**

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o disfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2. Cando para o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilízase redes alleas, a base imponible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba abonar ao titular da rede, polo uso da mesma.

3. Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.



A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

- a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos abonados efectuados no Municipio.
- b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo as ligazóns na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa.
- c) Alugueiros, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.
- d) Alugueiros que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.
- e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras

4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:

- a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.
- b) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.
- c) Os ingresos financeiros, como intereses, dividendos e calquera outros de natureza análoga.
- d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
- e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.

6. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.

7. A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base imponible definida neste artigo.

#### **Artigo 6º. Período impositivo e pagamento da taxa**

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar o alta.
- b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obrigaçión de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

- a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.



b) Cando o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas prolónganse durante varios exercicios, o pagamento da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

### **Artigo 7º. Réxime de declaración e ingreso**

1. Establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obrigación de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base impoñible, segundo detalle do artigo 5.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturou cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 5.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 5.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pago que se indiquen. Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos derívese unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte.

5. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

6. A empresa “Telefónica de España, S.A.U.”, á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9 % dos seus ingresos brutos que satisfai a este Concello. As restantes empresas do “Grupo Telefónica”, están suxeitas ao pago da taxa regulada nesta ordenanza.

### **Artigo 8º. Infraccións e sancións**

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionarán de acordo con o que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de dereito Público municipais.

3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se



poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo Disposición adicional 1ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores 6 Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/o substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

## 7º.- ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

*«Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de administración electrónica do Concello de Sada, conforme co texto que se inclúe no expediente como anexo I.*

*Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Mouriño Neira (SM), quen propón deixar o asunto enriba da mesa ou de non se facer anuncia a abstención do seu grupo; e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

Procédese primeiro a votar deixar o asunto enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Abstencións: Non se produciron.

Por se ter producido un empate, procédese a votar novamente, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Abstencións: Non se produciron.

Rexeitándose deixar o asunto sobre a mesa polo voto de calidade da presidenta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (6 SM e 2 BNG).

Resultando aprobado por maioría simple dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza de administración electrónica do Concello de Sada, conforme co texto que se inclúe no expediente como anexo I.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente se non se produciran.

## 8º.- REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.





Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

«**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o Regulamento de instalacións deportivas do Concello de Sada, conforme co texto que se inclúe no expediente como anexo I.

**Segundo.**- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García López (PP); da sra. Mouriño Neira (SM); do sr. Blanco González (na); da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na); novamente do sr. Blanco e da presidenta sra. Nogareda; do sr. Portela Fernández (SM), quen responde á presidenta que non ten inconveniente ningún en que a sra. Nogareda faga públicos os correos a que se referiu neste debate; da sra. Pardo Fafián (PSOE) e novamente da presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Por se ter producido un empate, procédese a votar novamente, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado polo voto de calidade da presidenta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o Regulamento de instalacións deportivas do Concello de Sada, conforme co texto que se inclúe no expediente como anexo I.

**Segundo.**- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente se non se produciran.

## 9º.- REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIADO DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 23 de marzo do 2023, que recolle:

«**Primeiro.**- Aprobar inicialmente Regulamento da agrupación de voluntariado e protección civil do Concello de Sada, conforme ao texto que se inclúe no expediente como anexo I.

**Segundo.**- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García López (PP); da sra. Taibo Fernández (SM); do sr. Blanco González (na) e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (6 SM e 2 BNG).

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:



**Primeiro.-** Aprobar inicialmente Regulamento da agrupación de voluntariado e protección civil do Concello de Sada, conforme ao texto que se inclúe no expediente como anexo I.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por un prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente se non se produciran.

### **10º.- MODIFICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO CÓDIGO DA RPT: 090002 DENOMINADO TAX URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E POLICÍA URBANA.**

A presidenta retira este asunto da orde do día xustificando que non se facilitou con tempo a acta da negociación.

### **11º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1P/2023.**

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, xustifica a urxencia de incluír este asunto na orde do día en que hai que pagar todas estas facturas tendo en conta tiñan que ser conformadas.

Intervén o sr. Portela Fernández, indicando que entende que isto xa foi aprobado no punto 4º desta sesión, con base nunha proposta que chega a amosar ao interventor que di que figuraba entre a documentación relativa ao dito punto 4º (que na convocatoria figuraba como punto 3º, antes de engadirse de urxencia un novo punto 2º).

O interventor aclara as diferencias entre os dous puntos, indicando que o que se trae agora para aprobar por urxencia é a aprobación do propio expediente extrajudicial, que está financiado por tres vías: unha, os recursos que existen neste momento no orzamento; outra, unha modificación de crédito, transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias, que se puido facer porque era competencia da Alcaldía; e o punto antes aprobado (4º desta sesión), que era unha transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto, que non é competencia da Alcaldía senón do Pleno; concluíndo en que a proposta que se trae agora para este novo punto é a que se debe traer para aprobar.

O sr. Portela manifesta que non ten inconveniente ningún, mais que cando votaron no punto 4º entendían que estaban xa a votar o que agora se trae para este novo punto.

A presidenta tamén intervén para abondar na diferenza nos dous puntos.

Finalmente o interventor di que se se suscita algunha dúbida pódense mirar como están as propostas e aclaralo pero que para clarificalo agora o punto 4º era a modificación de crédito que financia parcialmente o expediente extrajudicial; e que o expediente extrajudicial, que non foi ditaminado, é o que se propón para aprobar por urxencia neste momento.

Seguidamente, procédese á votación da urxencia de incluír este asunto na orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 2, BNG, 1 PP, 1 PSOE e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, do 23 de marzo do 2023, que recolle:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA

*Recoñecemento extrajudicial de créditos 1P/2023*

*Na contabilidade municipal constan facturas e outros documentos xustificativos de gastos executados nos exercicios anteriores que por diversos motivos non puideron ser imputados ao orzamento do 2022.*



O artigo 26.1 do R.D. 500/1990 establece que con carácter xeral os créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán financiar gastos que se realicen no propio exercicio orzamentario, establecéndose como excepción, entre outras, o recoñecemento extraxudicial regulado no artigo 60.2 do propio R.D. 500/1990 para aqueles que non tiñan sido debidamente comprometidos. No dito precepto recóllese que corresponderá ao Pleno o recoñecemento extraxudicial sempre que non exista dotación orzamentaria. No presente expediente relacionase gasto nas ditas circunstancias por importe de 553.587,27 €.

No actual orzamento en vigor non se prevé crédito específico para gasto procedente de exercicios anteriores. Os gastos procedentes de exercicios anteriores poden ser financiados con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais previa tramitación de modificación de crédito. A día de hoxe non ten sido aprobada a liquidación do orzamento 2022, polo que non é posible destinar a ese fin o remanente de tesouraría para gastos xerais. Non obstante o dito, a normativa de contratación do sector público prevé uns prazos de pago que, no caso dalgunha das facturas relacionadas, teñen sido amplamente superados, polo que se fai necesario habilitar outros mecanismos que permitan a tramitación inmediata das mesmas. Deste xeito parece oportuno a imputación ao exercicio corrente, a través do expediente de recoñecemento extraxudicial 1P/2023, dos gastos procedentes doutros exercicios incluídos no mesmo que poidan atopar encaixe orzamentario no 2023; sen prexuízo de que as aplicacións ás que se impute este gasto poidan recuperar ese saldo con cargo, no seu caso, ao remanente de tesouraría para gastos xerais unha vez aprobada a liquidación do orzamento 2022 e tramitada a oportuna modificación de crédito. Este goberno prioriza o pagamento aos provedores das subministración, servizos e obras executados ampliando os créditos destinados a esta finalidade a través do expediente de modificación de crédito 11/23 aprobado por Decreto da Alcaldía 482/2023; e o expediente de modificación de crédito 12/23, competencia do Pleno, que prevén completar o crédito necesario para dar cobertura ao presente recoñecemento extraxudicial e a cuxa entrada en vigor debe condicionarse a executividade do acordo que o aprobe.

Finalmente, visto o informe da intervención municipal JPB025/2022, e os criterios xurídicos do Consello Consultivo da Galicia en relación a revisión de oficio dos actos que supoñan gasto incorrendo en incumprimentos da normativa de contratación, estímase adecuado o procedemento de recoñecemento extraxudicial para a tramitación dos incluídos no presente expediente.

Á vista de canto antecede, e sendo os gastos incluídos no mesmo esixibles polos provedores esta alcaldía propón:

1. A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 553.587,27 €
2. Condicionar a executividade do presente acordo á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito 12/23».

Ábrese o debate do asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García López (PP) e da sra. Taibo Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 553.587,27 €.
- 2.- Condicionar a executividade do presente acordo á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito 12/23.

## **12º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA CONCELLEIRA Dª LAURA RODRÍGUEZ PENA (BNG) CONTRA ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN ADOPTADOS O 29 DE DECEMBRO DO 2022.**

O sr. Tellado Villares (na) auséntase cando son as 21.32 horas, antes de votar a inclusión por urxencia deste asunto na orde do día.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, xustifica a urxencia de incluír este asunto na orde do día en que xa están emitidos os informes e polo tanto para resolver o asunto canto antes.

A continuación, procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 7 (6 SM, 2, BNG, 1 PP, 1 PSOE e 6 non adscritos).
- Votos en contra: 8 (6 SM, e 2 BNG).
- Abstencións: non se produciron.

Resultando rexeitada a ratificación da urxencia para incluír na orde do día o seguinte asunto:

Resolución do recurso de reposición presentado pola concelleira D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) contra acordos do Pleno da Corporación adoptados o 29 de decembro do 2022.

### 13.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

#### A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 16 de febreiro do 2023 (núm. 299) ata o 24 de marzo do 2023 (núm. 554).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 16 de febreiro (núm. 299, do expediente 2022/G003/000306) ata o 24 de marzo do 2023 (núm. 554, do expediente 2023/G003/000568), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

#### B. Mocións.

#### Única.- Moción relativa á derogación dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo establecidos no RD 150/2023 de 28 de febreiro.

O sr. Fariña Andrade (SM) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación, o sr. Fariña Andrade dá lectura á moción:

*«Xosé Fernando Fariña Andrade, voceiro do grupo municipal de Sadamaioría, ao abeiro do art. 64 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) presenta a seguinte MOCIÓN*

*Relativa a derogación dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo establecidos no RD 150/2023 de 28 de febreiro EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Segundo unha tese máis que dubidosa do “Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico”, a directiva 2014/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, pola que se establece un marco para a ordenación do espazo marítimo, a aprobación por decreto dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) nas nosas costas foi a consecuencia inevitable da transposición da normativa sectorial comunitaria ao ordenamento xurídico español, transposición que se efectuou mediante o Real Decreto 363/2017, de 8 de abril, que ordena a aprobación de cinco POEM, un para cada unha das demarcacións mariñas do estado español. Estes plans deben servir para garantir a sostibilidade das actividades humanas no mar e, ao mesmo tempo, facilitar o desenvolvemento dos sectores marítimos e a consecución dos obxectivos que ditos sectores teñen fixados, con especial atención a aqueles obxectivos establecidos para cumprir os compromisos do Pacto Verde Europeo, o Acordo de París, a Estratexia de adaptación ao cambio climático da UE e a Estratexia da UE sobre a biodiversidade, entre outros. Neste sentido, as Conclusións do Consello da UE sobre Economía Azul Sostible, aprobadas en maio de 2021, establecen que a aplicación da ordenación espacial mariña debe utilizarse para alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo e, asemade, para incrementar o potencial excepcional dos sectores marítimos, en termos de crecemento sostible, como ferramenta para facilitar o uso múltiple do espazo marítimo, á vez que preservar os ecosistemas mariños e costeiros.*

*En relación co anterior, no estado español, aprobouse en xuño de 2018 o “Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030: hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible”, na que se establece que os plans de ordenación do espazo marítimo contribuirán de xeito directo á consecución das metas do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 14, vida submarina, amais doutros como son o ODS2 fame cero, ODS6 auga limpa e saneamento, ODS7 enerxía asequible e non contaminante, ODS9 industria, innovación e infraestrutura e ODS13 acción polo clima.*



Pois ben, ante o escenario que se presenta, e considerando o paso dado pola Ministra para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, Teresa Ribera, coa publicación no BOE do RD150/2023, do 28 de febreiro, polo que se aproban os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo das cinco demarcacións mariñas españolas; RD que establece catro zonas de alto potencial para a implantación da eólica mariña con 19 polígonos e a reserva de 5.000 quilómetros cadrados, a metade no noroeste peninsular, e coa posible implantación de varios deses POEM afectando moi especialmente á costa galega, onde se concentran cinco polígonos cun total de 2.351 km<sup>2</sup>, o 47,51% do total do Estado, a alerta no sector pesqueiro galego é máxima. Máis se temos en conta que a aprobación de ditos Plans infrinxe o principio de cautela e de participación dos sectores afectados, dado que se aproban sen terse avaliado o impacto real sobre o sector pesqueiro e a biodiversidade, tanto dos peixes como da avifauna, e sen que se tiveran en conta as alegacións da representación do sector pesqueiro (Confrarías, etc).

Os POEM previstos afectan a máis de trescentos caladoiros de pesca identificados no eixo Noratlántico-Cantábrico, sendo, moitos deles, invadidos por estes espazos reservados polo Goberno para a eólica mariña prexudicando a especies como a anchoa, a sardiña, o bonito, a xarda, o xurelo..., e poñendo en risco tanto a biodiversidade existente nesas zonas, como as campañas do bonito, da anchoa ou do bocarte, todas elas fundamentais para a supervivencia do modo de vida das xentes do mar.

É evidente a necesidade da transición enerxética europea con predominio de enerxías renovables, mais esa transición cara ás enerxías renovables non se pode facer sacrificando un sector económico esencial en Galiza, nen asumindo uns desproporcionados custos ambientais, sociais e económicos en beneficio do oligopolio enerxético.

Por outra banda, é absolutamente imprescindible realizar procesos de participación pública, onde o sector pesqueiro teña unha opinión determinante, para evitar danar de xeito irreversible un sector fundamental desde o punto de vista económico e social. Neste sentido cómpre lembrar que a directiva 2014/89/UE, si recomendaba expresamente a participación dos chamados grupos de interese e da cidadanía na elaboración dos POEM de cada país, recomendación que foi coidadosamente evitada pola ministra quen excluíu ao sector pesqueiro de calquera participación previa no deseño de ditos plans. E, por se isto non fora dabondo, a aprobación deste decreto mantén, de xeito inadmisíbel, a xa antiga tradición española de endosarlle a Galiza o rol de produtora enerxética, como amosa o ciclo da hidroeléctrica durante o Franquismo e o da eólica terrestre nos últimos anos.

Neste sentido é preciso ter en conta que como obxectivo da eólica mariña na folla de ruta aprobada polo goberno do Estado (horizonte 2030) a potencia instalada sería de entre 1 e 3 GW. Na actualidade nas costas galegas hai nove parques eólicos mariños proxectados, que totalizan 5,8 GW, ou sexa, case o duplo do obxectivo máximo que a folla de ruta fixa para todo o Estado.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á consideración do Pleno os seguintes ACORDOS:

1º.- O Pleno da Corporación insta ao goberno do Estado á inmediata derogación do RD 150/2023, do 28 de febreiro, dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

2º.- O Pleno da Corporación insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico para que proceda á apertura dun proceso de participación pública coas entidades representativas do sector pesqueiro, colectivos ecoloxistas e cidadanía en xeral, aos efectos de aprobación duns Plans de ordenación que, compatibilizando a eólica mariña coa salvagarda ambiental da biodiversidade e os recursos e actividade do sector pesqueiro, supoñan unha distribución territorializada ponderada e equilibrada.

3º.- O Pleno da Corporación insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico a que con carácter previo ao indicado no apartado anterior, e de conformidade co principio de cautela e prudencia, proceda á realización e posterior avaliación contrastada dos estudos de impacto xerado pola infraestrutura eólica nos espazos mariños tanto a nivel ambiental e de biodiversidade como sobre os recursos e actividade do sector pesqueiro.

4º.- Dar traslado dos presentes acordos á Presidencia do goberno do Estado, Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, así como á Xunta de Galiza, e grupos parlamentarios das Cortes do Estado e Parlamento de Galiza.

5º.- Facúltase á alcaldía-presidencia para a execución e efectivo cumprimento do acordado».

Debátase a moción, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena; da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen anuncia que vaise abster; e do sr. García López (PP), quen tamén di que hase abster.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 7 (1 PSOE, 1 PP e 5 non adscritos).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

1.- O Pleno da Corporación insta ao goberno do Estado á inmediata derogación do RD 150/2023, do 28 de febreiro, dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.





2.- O Pleno da Corporación insta ao Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico para que proceda á apertura dun proceso de participación pública coas entidades representativas do sector pesqueiro, colectivos ecoloxistas e cidadanía en xeral, aos efectos de aprobación duns Plans de ordenación que, compatibilizando a eólica mariña coa salvagarda ambiental da biodiversidade e os recursos e actividade do sector pesqueiro, supoñan unha distribución territorializada ponderada e equilibrada.

3.- O Pleno da Corporación insta ao Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico a que con carácter previo ao indicado no apartado anterior, e de conformidade co principio de cautela e prudencia, proceda á realización e posterior avaliación contrastada dos estudos de impacto xerado pola infraestrutura eólica nos espazos mariños tanto a nivel ambiental e de biodiversidade como sobre os recursos e actividade do sector pesqueiro.

4.- Dar traslado dos presentes acordos á Presidencia do goberno do Estado, Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, así como á Xunta de Galiza, e grupos parlamentarios das Cortes do Estado e Parlamento de Galiza.

5.- Facúltase á alcaldía-presidencia para a execución e efectivo cumprimento do acordado.

### **C. Rogos e preguntas.**

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na) dá unha ampla explicación con respecto dos aboamentos por concepto de horas extraordinarias, particularmente referidas á Policía Local, en referencia a rogos ou preguntas que se fixeron arredor disto pola sra. Taibo Fernández con anterioridade, e outros. O sr. Fariña Andrade (SM) tamén intervéñ por alusións, con respecto das dietas, producíndose un debate entre os dous.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) di que ten varios rogos e preguntas pero a maioría dirixidos ao concelleiro delegado de Cultura e de Turismo, sr. Tellado Villares, que abandonou a sesión, e mesmo unha que lle quedara por responder.

A presidenta dálle a palabra á sra. Salorio Porrál (na), para os efectos de aclarar o conduto para facer chegar as respostas por escrito, poñendo un exemplo anterior para os efectos e xustificando así a razón pola que o sr. Tellado non facilitou a súa resposta aínda neste caso.

A sra. Rodríguez roga con relación á contratación dun técnico de turismo que se explique o motivo real polo que non se solicitou a subvención e se recoñeza de ser o caso o erro e que non se utilice a mentira como argumento para responder.

Continúa a sra. Rodríguez, quen formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta polos medios humanos, polo persoal que se vai destinar á organización do evento do encontro de embarcacións tradicionais.

2ª.- Di que queda daquela á agarda da contestación á pregunta que xa fixera na sesión ordinaria anterior e que quedou por contestar, relativa á exoneración da taxa de ocupación da vía pública pola organización do Sada Comercio.

3ª.- Pregunta se hai algunha previsión para reparar en breve nas gradas do campo de fútbol de Carnoedo.

Contesta o sr. Blanco González, concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

O sr. Fariña Andrade (SM) interésase pola resposta a unha pregunta que efectuara na sesión ordinaria anterior, sobre a depuradora e os usos portuarios.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, xustifica a razón de non poder ter contestado aínda pero que se fará nos vindeiros días.

O sr. Fariña formula tamén dúas preguntas:





1ª.- Pregunta á sra. Nogareda Marzoa se a súa intervención semanal nunha cadea de radio está a ser aboada con cartos públicos.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, responde afirmativamente.

2ª.- Pregunta ao sr. García Pazos con relación a un comentario que lles chegou segundo o cal tería informado a algúns veciños que había obras que non se podían realizar porque o goberno anterior desviara os cartos para realizar outras cousas, para que as concrete e cuantifique.

A pregunta acaba xerando un debate, no que interveñen tamén o sr. Portela Fernández (SM) e a presidenta, sra. Nogareda (na).

O sr. Portela Fernández (SM) fai os seguintes rogos:

1º.- Roga que se mire de que se poida acometer canto antes a obra para solucionar o problema de Riobao 62B, ben executando o aval depositado facendo a obra de maneira subsidiaria con cargo ao dito aval, ou ben procurando un financiamento alternativo se o aval non está xa vixente; así como ás sras. Pardo e Salorio que teñan agora o mesmo nivel de esixencia que tiñan cando el era o alcalde.

Prodúcense as intervencións da presidenta, sra. Nogareda Marzoa, e da sra. Pardo Fafián.

2º.- Roga con respecto do Plan Especial de Veigue que se proceda á aprobación inicial canto antes logo de que xa se conta co documento íntegro no concello.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, dá unha explicación para os efectos.

O sr. Portela Fernández (SM), logo de contextualizala, pregunta con respecto da modificación puntual do PXOM se poderían concretar unha data para cando estaría aprobada a dita modificación puntual.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

A sra. Mouriño Neira (SM) pregunta distintos aspectos relacionados coa piscina municipal, que di que continúa pechada, como o estado do prego, se hai data de apertura prevista, pola situación dos empregados e mesmo se se han tomar medidas con respecto deles.

Contesta o sr. Blanco González, concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

A sra. Taibo Fernández (SM), reiterando unha pregunta que xa efectuara na sesión ordinaria anterior, pregunta se hai unha intención seria de proceder de oficio á revisión de todos os erros e irregularidades advertidos nas bases do proceso de estabilización.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 20 minutos do día xoves 30 de marzo do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).